

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“O exilio, a muller e a guerrilla: o *Gardarríos*”**

8, 9, 10 de maio de 2015

AVALIACIÓN DO SEMINARIO

1. Asistirías a outro Seminario destas características?
Si – 100%
Non – 0%

2. En conxunto, o Seminario respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nel?
Moito – 84,2%
O agardado – 15,8%

3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das actividades desenvolvidas en relación co que foi realmente a súa realización práctica?
Moi boa – 63,3%
Boa – 31,6%
Regular – 5,3%

4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron no Seminario considérala:
Moi boa – 78,9%
Boa – 21,1%

5. Cualifica de 1 (a cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) cada unha das actividades desenvolvidas:
 - Conferencia: O PAPEL DOS EXILIADOS DURANTE O FRANQUISMO (Fco. Martínez, Quico) 4,83 puntos
 - Conferencia: A PARTICIPACIÓN DA MULLER NA LOITA ANTIFRANQUISTA (Odette Mnez Maler) 4,75 puntos
 - Traballo de campo: O TERRITORIO DA PARTIDA GARDARRIOS (I E II) 4,89 puntos
 - Documental: A CIDADE DA SELVA (Pilar Faxil / Helena Villares) 4,89 puntos
 - Conferencia: A GUERRILLA NA MARIÑA E A LOITA DO GARDARRÍOS (B. Maíz / C. Nuevo) 4,79 puntos.
 - Conferencia: UNHA PROPOSTA DIDÁCTICA... (Manuel González) 4,79 puntos

- Traballo de campo: O TERRITORIO DA PARTIDA DO GARDARRÍOS (III) 4,89 puntos

6. Valora, xenericamente, o cumprimento dos obxectivos do Seminario:
Para a maioría dos asistentes os obxectivos foron acadados satisfactoriamente.
7. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Seminario:
Maioritariamente a resposta foi tamén en sentido positivo.
8. A túa opinión sobre os materiais empregados no Seminario é:
Moi boa – 33,3%
Boa – 61,1%
Regular – 5,6%
9. As datas de celebración do Seminario parécenche:
Moi ben – 27,8%
Ben – 72,2 %
10. Cal é a túa opinión sobre a relación horario teórico – horario real no desenvolvemento do Seminario?
Moi boa – 33,3%
Boa – 50,0%
Regular – 16,7%
11. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, paréceche:
Moi ben – 44,4%
Ben – 44,4%
Regular – 11,1%
12. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveu o Seminario?
Moi boa – 77,8%
Boa – 22,2%
13. A túa opinión sobre a organización xeral do Seminario é:
Moi boa – 83,3%
Boa – 16,7%
14. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir:
Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes.-
 - Grazas por todo.
 - Espero que haxa unha nova edición.
 - Moi interesante. A seguir!
 - Parabéns pola organización de iniciativas que nos alentan a seguir na restitución da verdade histórica.

- Valoro moi positiva a motivación e interese das persoas asistentes ao Seminario. É moi desexable a continuidade e unha maior difusión do mesmo.
- Sería moi interesante valorar os efectos psicosociais que a guerrilla-represión, etc., provocou nas familias na retagarda.
- Creo que o valor que ten está moi asociado á oportunidade de dar entrada e valorizar o relato das testemuñas e dos investigadores, e á expresión das emocións.
- Espero poder gozar do esforzo e sabedoría dos participantes e a información que nos transmiten os relatores/as.

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, integrada por membros de *Nova Escola Galega* e por profesorado e persoal non docente do IES Melide e do IES “Félix Muriel” de Rianxo, o Seminario cumpriu sobradamente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu estudar *in situ* a actividade da guerrilla nas zonas visitadas, e por outra comprobar que esa actividade segue aínda viva na memoria colectiva. Desde unha óptica estritamente educativa, en definitiva, o Seminario contribuíu a reflexionar sobre as posibilidades educativas que nos ofrece o medio próximo á escola.